



# Concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia

XUNTA DE GALICIA





**Concerto para  
a prestación farmacéutica  
polas oficinas de farmacia**

XUNTA DE GALICIA

**Edita**

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

División de Farmacia e Produtos Sanitarios

**Deseño:** David Carballal estudio gráfico, s.l.

**Maquetación:** Alejandro González Docampo

**Impresión:** Tórculo Artes Gráficas, s.a.

**Dep. leg.:** C-2879-04

# Índice

Partes contratantes .....	7
Cláusulas.....	9
Primeira. Obxecto do concerto .....	9
Segunda. Réxime xurídico.....	9
Terceira. Requisitos das oficinas de farmacia.....	10
Cuarta. Características da prestación farmacéutica .....	12
Quinta. Formulación maxistral.....	13
Sexta. Condicións económicas .....	13
Sétima. Procedemento de facturación .....	14
Oitava. Procedemento de pagamento .....	15
Novena. Órganos de seguimento .....	15
Décima. Prazo de vixencia e efectividade .....	17
Décimo primeira. Incumprimento do concerto e réxime de exclusión .....	18
Décimo segunda. Modificacións das condicións do concerto .....	19
Décimo terceira. Atención farmacéutica.....	19
Décimo cuarta. Anexos .....	20
Cláusulas adicionais.....	20
Anexo A: Características da prestación farmacéutica.....	23
1. Características xerais.....	23
2. Especialidades farmacéuticas .....	24
3. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais .....	26
4. Efectos e accesorios.....	26

5. Vacinas antialérxicas e bacterianas individualizadas.....	27
6. Participación económica do beneficiario.....	28
7. Receiptas facturables.....	29
8. Controis especiais.....	30
9. Validez das receiptas.....	31
Táboa resumo de causas de devolución das receiptas.....	35
<b>Anexo B: Fórmulas maxistrais e preparados oficinais.....</b>	<b>37</b>
1. Características xerais.....	37
2. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais incluídos na prestación farmacéutica.....	38
3. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais excluídos da prestación farmacéutica.....	38
4. Elaboración e dispensación.....	39
5. Valoración.....	39
6. Participación económica dos beneficiarios.....	39
7. Facturación.....	40
8. Listas de materias primas.....	40
9. Normas de valoración de fórmulas maxistrais e preparados oficinais.....	41
Lista de principios activos para formulación maxistral.....	44
Lista de excipientes para formulación maxistral.....	59
<b>Anexo C: Procedemento de facturación.....</b>	<b>67</b>
1. Normas previas á facturación.....	67
2. Proceso de facturación.....	68
3. Presentación da facturación.....	72
4. Revisión da facturación.....	75
5. Control de calidade.....	79
Anexos.....	80
<b>Anexo D: Procedemento de pagamento.....</b>	<b>91</b>
<b>Acordo de modificación do prazo de vixencia e efectividade.....</b>	<b>95</b>

## Partes contratantes

En Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2004

### REUNIDOS

**Dunha parte:** O excelentísimo señor don José Manuel González Álvarez, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no Decreto 45/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e, de conformidade co establecido no Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 feito público mediante Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 82 do 30/04/91).

**Doutra parte:** Dona Rosa María Lendoiro Otero, con DNI 32.763.113-G, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, don José Antonio Bouzo Villar con DNI 34.953.148-W, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense, don José Luís Rivas López, con DNI 33.808.641-K, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo e don Luís Alberto Amaro Cendón con DNI 76.806.475-E, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das súas facultades que a cada un deles lle están conferidas, con plena capacidade para formalizar o presente convenio e polo exposto:

## MANIFESTAN

**Primeiro:** Que a prestación farmacéutica se rexe polo disposto na Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento e pola normativa de produtos sanitarios e demais disposicións aplicables.

**Segundo:** Que as oficinas de farmacia, como establecementos sanitarios que son, veñen colaborando co Servizo Galego de Saúde para garanti-lo uso racional da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, tal e como se recolle no concerto para a prestación farmacéutica a través das oficinas de farmacia suscrito con data do 4 de outubro de 1999 e demais convenios de colaboración suscritos entre o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia.

**Terceiro:** Que a colaboración das oficinas de farmacia inclúe a atención farmacéutica de calidade prestada aos pacientes que precisen dos medicamentos e produtos sanitarios incluídos na prestación farmacéutica.

**Cuarto:** Que a execución da prestación farmacéutica a través das oficinas de farmacia, se vén levando a cabo coa presenza e a participación activa dos farmacéuticos que exercen a súa actividade nos ditos establecementos.

**Quinto:** Que para continuar coa colaboración das oficinas de farmacia de Galicia na execución da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, resulta necesaria a concertación delas a través dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra co Servizo Galego de Saúde.

**Sexto:** Que así mesmo, o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos colaborarán na promoción da atención farmacéutica como actividade prioritaria do exercicio das funcións dos profesionais farmacéuticos nas oficinas de farmacia.

En consecuencia, ámbalas partes acordan subscribi-lo presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.



## **Cláusulas**

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONCERTO**

Este convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das condicións en que as oficinas de farmacia legalmente establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán profesionalmente co Servizo Galego de Saúde, no desempeño da prestación farmacéutica que comprende, de acordo co establecido na Lei 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, o conxunto de actuacións encamiñadas a que os pacientes reciban, de xeito adecuado ás súas necesidades clínicas, as especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistras, preparados oficinais e efectos e accesorios financiados polo Sistema Nacional de Saúde nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo adecuado e ao menor custo posible para eles e a comunidade.

### **SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo e regularase polas súas condicións particulares, sendo de aplicación directa a normativa estatal e autonómica pola que se regula a prestación farmacéutica en xeral e, se fora o caso, a da Seguridade Social en particular, así como a Lei orgánica 15/1999 de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal. Este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas, non obstante,

poderán ser aplicados os principios desta lei para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

## TERCEIRA. REQUISITOS DAS OFICINAS DE FARMACIA

A colaboración profesional obxecto deste concerto realizarase por tódalas oficinas de farmacia autorizadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non estean sometidas a sanción que lles impida o desempeño da prestación farmacéutica, e en tanto cumpran os requisitos previstos no presente concerto.

Esta colaboración desenvolverase baixo a dirección, responsabilidade, presenza e control do farmacéutico titular da oficina de farmacia ou, de se lo caso, farmacéutico adxunto, substituto ou rexente debidamente autorizados pola Consellería de Sanidade.

Por parte dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos facilitarase ao Servizo Galego de Saúde, a través da División de Farmacia e Produtos Sanitarios, a seguinte información de forma individualizada:

- Código de facturación ao Servizo Galego de Saúde.
- Sigla de autorización da oficina de farmacia.
- Nome e apelidos e nº de colexiado do farmacéutico/s titular/es.
- Nome e apelidos e número de colexiado do farmacéutico rexente nos casos que proceda.
- Localización da oficina de farmacia:
  - Zona farmacéutica.
  - Parroquia ou núcleo de poboación da autorización.
  - Enderezo (rúa ou lugar e código postal).
- Número de teléfono.
- Número de Fax e/ou correo electrónico.

A incorporación dunha nova oficina de farmacia durante a vixencia do convenio, precisará da comunicación por parte do Colexio Oficial de Farmacéuticos correspondente, con inclusión dos datos anteriormente sinalados, que será remitida á División de Farmacia e Produtos Sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Do mesmo xeito, no caso de que durante a vixencia do convenio, se produisen modificacións dos datos precitados en calquera das oficinas de farmacia, estas deberán notificarse por parte do Colexio Oficial de Farmacéuticos correspondente á División de Farmacia e Produtos Sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Por outra banda, coa finalidade de garanti-lo desempeño da prestación farmacéutica obxecto deste concerto, as oficinas de farmacia deberán dispor dos medios técnicos e materiais seguintes:

- Un sistema de comunicación que permita a consulta de información en liña sobre alertas farmacéuticas e de riscos de medicamentos e produtos sanitarios, tal como se regula no Decreto 170/2002, do 2 de maio, polo que se crea a rede galega de alerta sobre riscos relacionados cos medicamentos e produtos sanitarios de uso humano.
- Os utensilios necesarios para o procesamento da información relativa o paciente/usuario recollida nas receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde, de acordo co disposto no Decreto 370/2003, do 2 de outubro, de uso da tarxeta sanitaria para o acceso á prestación farmacéutica.
- O equipamento informático adecuado para o desenvolvemento da dispensación da prestación farmacéutica no momento da implantación dun sistema de receita electrónica, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e no artigo 85.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social.
- Os medios suficientes para garanti-lo desenvolvemento da dispensación individualizada de medicamentos, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e no artigo 8.6.ter da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social.
- A bibliografía necesaria e suficiente, en soporte informático e/ou papel, que garanta a correcta dispensación da prestación farmacéutica.
- As condicións e requisitos deste equipamento serán acordados entre o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos.

Así mesmo, os farmacéuticos titulares das oficinas de farmacia incluídas no presente concerto, deberán garanti-lo seguinte:

- A súa presenza e actuación profesional para o correcto desenvolvemento da prestación farmacéutica prestada na súa oficina de farmacia, tanto na xornada e horarios mínimos de atención ao público, como nos servizos de urxencia que teña autorizados, sen prexuízo do disposto no caso de ausencia do farmacéutico titular na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica e normativa de desenvolvemento.
- A presenza e actuación profesional de farmacéuticos adicionais, naqueles casos de oficinas de farmacia que teñan un funcionamento en réxime de horarios ampliados, de acordo co disposto no Decreto 342/1999, do 16 de decembro, sobre horarios, quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia.
- As existencias suficientes de medicamentos e produtos sanitarios incluídos na prestación farmacéutica, que garantan a dispensación das prescricións habituais en receita oficial do Sistema Nacional de Saúde realizadas no seu ámbito de actuación, nas condicións e requisitos establecidos pola normativa vixente na materia e neste concerto.

#### CUARTA. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA

As normas sobre a execución da prestación farmacéutica que se establecen no presente concerto entenderanse sometidas á normativa xeral que regule a prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, tanto de ámbito estatal como derivada das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia.

En especial debe de subliñarse o deber das oficinas de farmacia de participar nas tarefas de farmacovixilancia, contribuíndo a incrementala seguridade dos medicamentos tanto no que se refire á detección e notificación de sospeitas de reaccións adversas, como na actuación preventiva mediante a información ao cidadán sobre a correcta utilización dos medicamentos.

As actuacións encamiñadas para a correcta dispensación de especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, preparados oficinais e efectos e accesorios, aos pacientes beneficiarios da prestación farmacéutica do Sistema

Nacional de Saúde, efectuarase a través das oficinas de farmacia legalmente establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia.

As características da execución da prestación farmacéutica, as condicións de validez das receitas así como as condicións da dispensación das especialidades farmacéuticas, efectos e accesorios e vacinas individualizadas anti-lérxicas e bacterianas son as recollidas no anexo A.

As fórmulas maxistrais e os preparados oficinais incluídos como prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde dispensaranse nas condicións establecidas no anexo B do presente convenio.

## QUINTA. FORMULACIÓN MAXISTRAL

As actividades relacionadas coa formulación maxistral deberán realizarse de acordo coas normas de correcta elaboración e control de calidade de formulas maxistrais e preparados oficinais, nos termos establecidos no Real decreto 175/2001, do 23 de febreiro e normativa concordante, así como no Decreto 443/2003, do 11 de decembro, de regulación das actividades de elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais e as súas guías de aplicación.

As oficinas de farmacia que elaboren fórmulas maxistrais e preparados oficinais para seren dispensados aos pacientes no seu propio establecemento, a través da receita oficial do Sistema Nacional de Saúde correspondente, deberán estar catalogadas no rexistro correspondente da Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde, segundo o nivel de elaboración das formas farmacéuticas que realicen.

## SEXTA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

O Servizo Galego de Saúde aboaralles ás oficinas de farmacia as receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde, que sendo válidas, foran correctamente dispensadas e facturadas nas condicións establecidas neste convenio.

As oficinas de farmacia non deberán dispensar ningún medicamento ou produto sanitario cando xurdan dúbidas razoables sobre a autenticidade da receita médica presentada.

As especialidades farmacéuticas incluídas na prestación farmacéutica valoraranse de acordo cos prezos legalmente autorizados, recollidos no correspondente Nomenclátor Oficial debidamente actualizado e comunicado aos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia ou, se fora o caso, aos prezos de referencia que se establezan e resulten de aplicación. Todo isto, sen prexuízo dos acordos que se poidan acadar entre o Servizo Galego de Saúde e os anteditos Colexios Oficiais de Farmacéuticos.

As receitas facturaranse ao último prezo legalmente establecido. Non obstante, no caso de que se produza unha revisión xeral dos prezos que afecte ás especialidades farmacéuticas e/ou aos efectos e accesorios, aplicaranse na facturación correspondente de acordo coas normas transitorias establecidas na norma que regule a revisión. No seu defecto, a Comisión Autónoma Central determinará o mecanismo adecuado para a aplicación mecanizada dos prezos na forma e prazos que se estime conveniente.

Nos supostos de erros no cupón-precinto e/ou utilización indebida deste polo laboratorio farmacéutico responsable da súa comercialización, á marxe da comunicación destas incidencias aos organismos competentes, o Servizo Galego de Saúde aplicará os criterios de facturación expostos con anterioridade. A solicitude dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos o Servizo Galego de Saúde, expedirá documento acreditativo da incidencia de facturación co obxecto de tramitar ante o devandito laboratorio o resarcimento dos prexuízos económicos causados ás oficinas de farmacia.

Os efectos e accesorios incluídos na prestación farmacéutica valoraranse de acordo co establecido na cláusula oitava e no anexo A deste concerto.

As fórmulas maxistrais e os preparados oficinais valoraranse de acordo co establecido no anexo B.

## SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE FACTURACIÓN

A facturación de receitas realizarase por meses naturais, segundo o procedemento indicado no anexo C deste concerto e efectuarase a través da mecanización informática das receitas.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia poderán dispor e utiliza-la información procedente da mecanización de receitas no relativo á

dispensación previo acordo e autorización da División de Farmacia e Produtos Sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

En calquera caso a información procedente da mecanización das receitas quedará sometida á lexislación e normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O anexo C, sobre o procedemento de facturación, será obxecto de revisión a petición do Servizo Galego de Saúde cando a implantación dun novo deseño de receita oficial adaptado a súa emisión informática, permita a abordaxe de novas estratexias de xestión baseadas na gravación informática dos datos que figuren no documento e que non son obxecto de gravación no momento actual.

## OITAVA. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

Da factura valorada a PVP, incluído o IVE, deducirase a parte correspondente á contribución do beneficiario que foi aboada por este á oficina de farmacia no momento da dispensación.

Para os casos concretos da facturación das dispensacións de absorbentes de incontinencia urinaria e de tiras reactivas de control da glicemia, será de aplicación o seguinte:

1. Unha dedución do 14% sobre o PVP sen IVE, na facturación das dispensacións de absorbentes de incontinencia urinaria.
2. Un prezo máximo de 30 euros IVE incluído por envase de 50 tiras, para a facturación das dispensacións de tiras reactivas de control de glicemia.

A forma e prazo de pagamento será a establecida no anexo D.

## NOVENA. ÓRGANOS DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do presente concerto crease a Comisión Autonómica Central e as Comisións Provinciais coas seguintes funcións e composición:

### **Comisións Provinciais**

A nivel provincial existirán Comisións Provinciais, con actuación delegada da Comisión Autónoma Central, constituídas por:

- O director provincial do Servizo Galego de Saúde, ou persoa que o substitúa ou en que delegue, que exercerá de presidente da Comisión.
- Tres vocais designados pola División de Farmacia e Produtos Sanitarios.
- Catro vocais designados polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia que corresponda.
- Un secretario, designado polo presidente, que asistirá con voz, pero sen voto.

Son funcións das Comisións Provinciais:

- Resolve-las incidencias que se produzan no ámbito da súa demarcación con motivo da facturación e devolución de receitas, comunicándolle estas incidencias á Comisión Autónoma Central, mediante o envío das correspondentes actas.
- Velar polo cumprimento deste convenio no ámbito da súa demarcación.
- Proponer as medidas que se estimen oportunas para perfeccionar-la aplicación deste convenio.

As Comisións Provinciais celebrarán reunións unha vez cada catro meses ou cando o solicite calquera das partes por causa xustificada.

Os acordos adoptaranse por maioría e, no caso de empate, remitirase un informe aclaratorio á Comisión Autónoma Central, que decidirá o que proceda.

### **Comisión Autónoma Central**

A nivel da Comunidade Autónoma existirá unha Comisión Autónoma Central encargada de velar polo cumprimento e aplicación do convenio. As competencias da Comisión Autónoma Central enténdense sen prexuízo das facultades da Inspección Farmacéutica.

A devandita comisión estará integrada por:

- O director xeral da División de Farmacia e Produtos Sanitarios, ou persoa que o substitúa ou en que delegue, que exercerá de presidente da Comisión.
- Tres vocais designados polo Servizo Galego de Saúde.



- Catro vocais designados polos Colexios Oficiais de Farmacéuticos a razón dun por cada provincia.
- Un secretario designado polo presidente da Comisión que asistirá con voz, pero sen voto.

Cando as circunstancias da convocatoria así o requiran, e previa comunicación á secretaría da Comisión, cada unha das partes poderá acompañarse dun asesor que asistirá con voz, pero sen voto.

Son funcións da Comisión Autonómica Central:

- Velar polo cumprimento do presente convenio.
- Resolve-las dúbidas que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.
- Coñecer, con carácter previo, calquera proposta de resolución parcial deste convenio.
- Propoñe-las medidas que procedan ante o incumprimento do convenio ou circunstancias sobrevidas que impidan o seu correcto cumprimento, para a súa inmediata cesación e corrección.
- Propoñe-la creación das comisións técnicas que se consideren necesarias para o desenvolvemento de programas ou outros contidos do presente convenio.

A Comisión Autonómica Central reunirase polo menos unha vez cada seis meses e ademais cando así o solicite unha das dúas partes por causas suficientemente xustificadas.

Os acordos adoptaran se por maioría de votos dos vocais presentes; en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente da Comisión Autonómica Central.

O funcionamento da Comisión Autonómica Central e das Comisións Provinciais adecuarase ao establecido sobre órganos colexiados na normativa de réxime xurídico nas Administracións Públicas.

## DÉCIMA. PRAZO DE VIXENCIA E EFECTIVIDADE

O presente convenio terá unha validez de dous anos a partir da data de produción de efectos, que será o día 1 do mes seguinte ao da súa sinatura, e considérase prorrogado tacitamente por períodos anuais até un máximo

de outros dous se non o denuncia ningunha das partes con tres meses de antelación á data do seu vencemento.

## DÉCIMO PRIMEIRA. INCUMPRIMENTO DO CONCERTO E RÉXIME DE EXCLUSIÓN

O incumprimento do presente convenio poderá dar lugar á resolución total ou parcial do mesmo.

A resolución total terá lugar, ademais de polo transcurso do prazo fixado nas condicións sinaladas na cláusula décima, polo incumprimento das obrigas esenciais das partes contidas no convenio e polo mutuo acordo entre as partes.

A resolución parcial do convenio producirase cando unicamente afecte a algunha ou algunhas das oficinas de farmacia incluídas no mesmo. Podería ter lugar en caso de:

- A perda, por parte do titular da oficina de farmacia, da capacidade de obrar, sempre que non estea prevista a súa substitución na normativa estatal ou autonómica que regula a prestación farmacéutica.
- Haber cometido infraccións das cualificadas como moi graves previstas na normativa estatal ou autonómica que regula a prestación farmacéutica.
- O incumprimento das obrigas esenciais entre as partes.
- A falta de medios persoais ou técnicos precisos para a correcta prestación dos servizos obxecto de este convenio, de acordo co previsto na súa cláusula terceira.

De acordo coas circunstancias que a motiven, esta exclusión parcial do concerto poderá realizarse con carácter definitivo ou con carácter temporal, con interrupción, neste caso, dos efectos do concerto durante o período que se acorde ou que duren as causas que a motiven.

Por parte da Comisión Autonómica Central poderíanse propoñer as medidas que consideren adecuadas co obxecto de manter a prestación do servizo farmacéutico no caso de exclusión parcial xa sexa definitiva ou temporal.

O expediente de resolución do convenio tramitarase e resolverase polo Servizo Galego de Saúde sendo necesaria, na súa tramitación:

- Poñer o expediente en coñecemento da Comisión Autonómica Central de conformidade co previsto na cláusula novena deste convenio.
- Dar o trámite de audiencia ao interesado, ou interesados, no caso da resolución parcial, así como ao Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia correspondente. Para este trámite deberase conceder un prazo de quince días naturais.
- No caso de que se formule oposición ao expediente será preciso, con carácter previo á resolución, informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

## DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIÓNS DAS CONDICIÓNS DO CONCERTO

A modificación legal ou regulamentaria que afecte ás condicións económicas actualmente vixentes na prestación farmacéutica a través das oficinas de farmacia, incluída a modificación das marxes profesionais, ou ao procedemento de pagamento pactado no concerto, poderán determina-la súa revisión a petición de calquera das partes.

Iniciada a negociación e transcorridos trinta días naturais sen acadarse acordo, poderá formularse a denuncia do concerto co efecto correspondente de rescisión aos dous meses de ser formulada.

## DÉCIMO TERCEIRA. ATENCIÓN FARMACÉUTICA

A promoción da atención farmacéutica, constitúese como un dos obxectivos principais da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e as oficinas de farmacia.

Para levar a cabo esta promoción o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, colaborarán na implantación de programas de atención farmacéutica a desenvolver polos farmacéuticos das oficinas de farmacia.

As características e condicións nas que se acorde a dita colaboración incorporaranse como anexo ao presente convenio.

Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde a través da División de Farmacia e Produtos Sanitarios, realizará cursos de formación específica que esta-

rán acreditados pola Comisión de Formación Continuada da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de facilita-la formación que precisen os profesionais farmacéuticos que participen ou se inicien nun programa de atención farmacéutica.

## DÉCIMO CUARTA. ANEXOS

Os anexos sobre características da prestación farmacéutica (anexo A), fórmulas maxistrais e preparados oficinais (anexo B), procedemento de facturación (anexo C) e procedemento de pagamento (anexo D), considéranse incorporados ao concerto e formando parte integrante del.

## CLÁUSULAS ADICIONAIS

### **Primeira**

Para os efectos de levar a cabo o disposto na cláusula terceira sobre o procesamento polas oficinas de farmacia da información relativa o paciente/usuario recollida nas receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde e da implantación da receita electrónica, o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia constituirán unha comisión técnica pola que se determinarán as condicións e requisitos da conexión en liña das oficinas de farmacia co Servizo Galego de Saúde, as características da dispensación así como a metodoloxía para a gravación de datos para o proceso de facturación.

Ámbalas partes comprométense a adapta-lo contido do anexo C e das causas de devolución das receitas establecidas no presente concerto, para que nun prazo dun ano a partir da sinatura do presente concerto a facturación de receitas inclúa os datos do paciente/usuario.

### **Segunda**

Mentres o Servizo Galego de Saúde non poña en marcha a identificación dos prescritesores mediante o código numérico persoal do Servizo Galego de Saúde, a gravación do dato do prescriptor para os efectos de facturación será ó número de colexiado segundo o establecido no apartado 2.1.5. do anexo C.

### **Terceira**

As modificacións dos anexos A e C ás que fan referencia a cláusula adicional primeira non condicionarán a revisión deste concerto nin de seu prazo de vixencia e efectividade establecido na cláusula décima deste convenio.



## **Anexo A.**

# **Características da prestación farmacéutica**

### **1. CARACTERÍSTICAS XERAIS**

Só serán dispensables con cargo ao Servizo Galego de Saúde as prescricións daqueles produtos farmacéuticos que, formando parte da súa prestación farmacéutica, se efectúen nas correspondentes receitas oficiais e se axusten aos requisitos xerais que indica a normativa vixente e os especificamente establecidos neste concerto.

Os farmacéuticos están obrigados, dentro do horario autorizado ao abeiro do Decreto 342/1999, do 16 de decembro, sobre horarios quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia, a efectuar a dispensación aos beneficiarios do Sistema Nacional de Saúde con dereito recoñecido á prestación farmacéutica, sempre que o beneficiario ou persoa que o represente achegue unha receita oficial que reúna os requisitos de validez que se sinalan neste anexo e aboe a contribución económica que lle corresponda.

Para efectuar a antedita dispensación, procederase do seguinte xeito:

1. Comprobarase se a receita presenta tódolos requisitos necesarios para a súa correcta dispensación, previstos na normativa vixente sobre receita médica e se verificarán os datos do beneficiario cos da tarxeta sanitaria individual, tendo en conta os requisitos establecidos no Decreto 370/2003, do 2 de outubro, de uso da tarxeta sanitaria para o acceso á prestación farmacéutica.
2. Consignarase no corpo da receita o nome e número da oficina de farmacia, a data de dispensación e a sinatura do farmacéutico.

3. Colocarase no lugar reservado para o efecto o cupón ou cupóns-precinto cando se trate de especialidades farmacéuticas ou efectos e accesorios provistos del. No caso de produtos sen cupón precinto, como xustificante da dispensación, adherirase, sempre que sexa factible, un fragmento da embalaxe no que conste o nome e custo de venta ao público deste.
4. No caso de receitas de accidentes de traballo, non prescritas no modelo de receita oficial, senón en receita privada, comprobarase que esta estea correctamente prescrita segundo o disposto na lexislación vixente sobre receita médica e as disposicións legais que a desenvolven, e que na mesma conste a empresa onde presta os seus servizos o asegurado, domicilio desta e mención expresa de que a protección do risco de accidente de traballo corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social. Se a protección deste risco corresponde a unha entidade aseguradora distinta, o Servizo Galego de Saúde non se fará cargo do seu aboamento.
5. Así mesmo, no acto da dispensación, procederase á realiza-la información farmacoterapéutica ao usuario para os efectos do uso racional do medicamento ou produto sanitario dispensado.

## 2. ESPECIALIDADES FARMACÉUTICAS

O financiamento das especialidades farmacéuticas estará sometido ao sistema de prezos de referencia ao abeiro do regulado no artigo 94.6 da vixente Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, no Real decreto 1035/1999, do 18 de xuño, polo que se regula o sistema de prezos de referencia no financiamento de medicamentos con cargo a fondos da Seguridade Social ou a fondos estatais afectos á Sanidade e demais disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

A dispensación de especialidades farmacéuticas levarase a cabo segundo os requisitos establecidos neste anexo, utilizando como xustificante de dispensación o cupón-precinto normalizado.

Non poderán ser dispensadas con cargo ao Servizo Galego de Saúde, as especialidades farmacéuticas excluídas da prestación farmacéutica da Seguridade Social, de acordo co disposto no Real decreto 83/1993, do 22 de



xaneiro, polo que se regula a selección dos medicamentos a efectos do seu financiamento polo Sistema Nacional de Saúde, e no Real decreto 1663/1998 do 24 de xullo, polo que se amplía a relación de medicamentos a efectos do seu financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social ou a fondos afectos á Sanidade.

Para as especialidades farmacéuticas incluídas na oferta, que pasan a ser publicitarias e para as excluídas do financiamento (EXO), garantírase a notificación, no tempo e xeito suficiente, por parte da Administración Sanitaria, e a cualificación entrará en vigor, para os efectos de dispensación, aos tres meses da súa notificación oficial á Organización Farmacéutica Colexial.

A dispensación de receitas nas que a súa prescrición sexa realizada baixo denominación oficial española (DOE) ou, no seu defecto, denominación común internacional (DCI), realizarase seguindo o establecido na normativa vixente na materia.

### **Criterios de substitución**

A substitución de especialidades farmacéuticas polo farmacéutico no acto de dispensación, axustarase ao establecido pola normativa vixente.

Toda substitución deberá efectuarse con coñecemento e conformidade do interesado, especificando a causa que xustifica a substitución polo farmacéutico no espazo correspondente da receita. Neste caso, ademais, o medicamento dispensado procurárase que sexa de igual ou inferior prezo ao medicamento prescrito.

Considérase causa lexítima para os efectos de substitución, a inexistencia da especialidade farmacéutica prescrita na oficina de farmacia debido ao seu desabastecemento no mercado e/ou a situación de necesidade de dispensación en caso de urxencia ante a imposibilidade de dispor da especialidade farmacéutica prescrita coa prontitude requirida.

### **Dispensación de máis dun envase por receita**

Poderase dispensar cunha mesma receita máis dun envase da especialidade farmacéutica prescrita, nos casos seguintes:

- Grupo terapéutico JO1 “Antibióticos para uso sistémico” agás os subgrupos J01E, J01M e J01R, do que se poderán dispensar de un a catro envases unídose por vía parenteral e até dous envases do resto das pre-

sentacións, sempre que teñan a mesma DCI, doses, forma farmacéutica e formato, e que non se supere o tratamento de tres meses.

- Grupo terapéutico A10A “Insulinas e análogos” en viais multidose, das que se poderá dispensar de un a catro viais (non se inclúen cartuchos multidose).
- Especialidades farmacéuticas cualificadas co código H01AC01 “Somatotropina” (hormona do crecemento), da que se poderá dispensar de un a catro viais de 4 U.I.
- Especialidades farmacéuticas cualificadas de “Diagnóstico hospitalario”, das que se poderá dispensar de un a catro envases.
- Especialidades farmacéuticas estupefacientes ou sometidas a control de estupefacientes, das que se poderán prescribir de un a catro envases, sempre e cando non superen o tratamento de trinta días.
- Calquera outra ou outras especialidades farmacéuticas que se determinen legalmente no futuro.

### 3. FÓRMULAS MAXISTRAIS E PREPARADOS OFICINAIS

A dispensación de fórmulas maxistrais e preparados oficinais levarase a cabo segundo os requisitos xerais establecidos neste anexo e os especificados para estes medicamentos no anexo B.

### 4. EFECTOS E ACCESORIOS

A dispensación de efectos e accesorios, axustaranse ao establecido para as especialidades farmacéuticas no presente concerto, coas peculiaridades recollidas neste anexo.

Considéranse efectos e accesorios dispensables con cargo ao Servizo Galego de Saúde, aqueles que incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, virán dotados do correspondente cupón-precinto autorizado e rexistrados no Nomenclátor Oficial de Produtos Farmacéuticos.

Para a dispensación de absorbentes de incontinencia urinaria, tiras reactivas de control de glicemia, sondas de látex para enfermos afectados de vexiga neuróxena como secuela de lesión medular, en programa de auto-

sondaxe intermitente e produtos desprovistos de cupón-precinto será necesario a homologación sanitaria previa das receitas prescritas, segundo o establecido no punto 8 deste anexo.

### **Criterios de substitución**

Os efectos e accesorios e demais produtos sanitarios poderán ser substituídos seguindo criterios que garantan idéntico produto e levarase a cabo de maneira similar ao establecido para a substitución de especialidades farmacéuticas.

### **Dispensación de máis dun envase por receita**

Poderase dispensar cunha mesma receita máis dun envase do efecto ou accesorio prescrito, nos casos seguintes:

- Absorbentes de incontinencia urinaria, das que se poderá dispensar de un a catro envases.
- Tiras reactivas de control de glicemia, das que se poderá dispensar máis dun envase.
- Sondas de látex prescritas para enfermos afectados de vexiga neuróxena como secuela de lesión medular, en programa de autosondaxe intermitente, das que se poderá dispensar máis de catro envases, segundo o disposto na Instrución do 3 de febreiro de 1999 da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

## **5. VACINAS ANTIALÉRXICAS E BACTERIANAS INDIVIDUALIZADAS**

En tanto non se desenvolva o previsto no punto 2 da disposición adicional segunda do Real decreto 288/1991, considéranse vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas para os efectos da súa dispensación con cargo ao Servizo Galego de Saúde, as preparadas con axentes inmunizantes, a concentración e dilución específica de acordo coa correspondente prescrición facultativa para un paciente determinado, que se elaboren por laboratorios farmacéuticos rexistrados e autorizados para a preparación de especialidades farmacéuticas pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Para que as receitas oficiais, nas que se prescriban vacinas individualizadas antialérxicas ou vacinas individualizadas bacterianas, sexan dispensables con cargo ao Servizo Galego de Saúde, na prescrición se especificará cada un dos antíxenos coa súa composición cualitativa e cuantitativa, agás nos tratamentos de continuación nos que poderá non figurar a dita composición.

Para a dispensación de tódalas vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas bacterianas precisarase a homologación sanitaria previa de receitas.

As vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas que estean autorizadas para a súa dispensación con cargo ao Servizo Galego de Saúde levarán unha etiqueta identificativa, que deberá adherirse á receita oficial no momento da dispensación e, na que constarán os seguintes datos:

- Composición cualitativa e cuantitativa, vía de administración, médico prescriptor, nome do paciente ao que vai destinado, nome do laboratorio preparador, nome de referencia de fabricación, data de caducidade e prezo.

Só se aceptarán na facturación con cargo ao Servizo Galego de Saúde aquelas vacinas antialérxicas individualizadas que preparadas por un laboratorio farmacéutico autorizado para tal fin, teñan a súa composición os alérxenos que a continuación se citan: ácaros, po, poles, fungos, epitelios ou mesturas de antíxenos compatibles (fungos-po, ácaros-po).

## 6. PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DO BENEFICIARIO

O custo da participación económica no pago da prestación farmacéutica dos beneficiarios activos da Seguridade Social, para as receitas de especialidades farmacéuticas, será a establecida na lexislación vixente na materia.

A antedita participación económica aplicarase ás fórmulas maxistras, preparados oficinais, vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas así como para os efectos e accesorios en xeral.

A participación económica para receitas de especialidades farmacéuticas e efectos e accesorios clasificadas en grupos ou subgrupos de participación reducida será a establecida na lexislación vixente na materia.

## 7. RECEITAS FACTURABLES

1. Realizada a dispensación segundo os requisitos establecidos no apartado 1 deste anexo, só serán facturables con cargo ao Servizo Galego de Saúde todas aquelas receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde con prescrición de especialidades farmacéuticas e efectos e accesorios incluídos no correspondente Nomenclátor Oficial, e que estean provistas do cupón precinto correspondente e/ou reúnan os requisitos establecidos no punto 9 deste anexo.
2. Só poderán ser dispensadas con cargo ao Servizo Galego de Saúde as fórmulas maxistrais e preparados oficinais que se axusten ás características recollidas no correspondente anexo e sexan financiadas polo Sistema Nacional de Saúde de acordo coa normativa vixente en cada momento.
3. Non poderán dispensarse nunha receita, conxuntamente, especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, preparados oficinais, efectos e accesorios.
4. En cada receita unicamente poderá dispensarse un só envase dunha especialidade farmacéutica, efecto, accesorio, fórmula maxistral ou preparado oficial, a excepción dos casos especificados neste anexo para as especialidades farmacéuticas e efectos e accesorios.
5. Os farmacéuticos non dispensarán ningún medicamento, nin produto sanitario cando xurdan dúbidas razoables sobre a validez da receita oficial do Sistema Nacional de Saúde que se presente e sobre os datos da tarxeta sanitaria individual ou documento que a substitúa do cidadán para o que se efectuou a prescrición.

En relación co artigo 5 da Lei 28/92, do 24 de novembro, os farmacéuticos extremarán a cautela no caso de prescricións a persoas que non teñan dereito á gratuidade. Igualmente e en relación co artigo 5.3 da Orde ministerial do 23 de maio de 1994, extremarán a cautela no caso de prescricións de estupefacientes e psicótropos, respectando e garantindo, non obstante, o dereito á intimidade persoal e familiar dos cidadáns, comprobando previamente á súa dispensación que a receita conteña os datos que permitan a identificación do prescriptor e paciente, segundo o disposto no artigo 85.2 da vixente Lei do Medicamento.

6. Para a dispensación das receitas, verificarase que na prescrición figuren os datos básicos de identificación do medicamento ou produto farmacéutico, de acordo coa normativa vixente.

Excepcionalmente e sempre que estea garantida a identificación do medicamento ou produto sanitario, poderán dispensarse aquelas receitas nas que:

- a) Non estean cumprimentados os datos da dose por unidade do medicamento ou produto farmacéutico, sempre que a devandita dispensación sexa validada pola dilixencia asinada do farmacéutico, garantindo ademais que o paciente foi informado.
- b) Exista ausencia dalgún dos seguintes datos: forma farmacéutica e vía de administración, quedando avalada esta dispensación pola dilixencia asinada do farmacéutico.
- c) Requirindo homologación sanitaria e de financiamento selectivo “Real decreto 1663/1998”, non teñan cumprimentado este último.

## 8. CONTROIS ESPECIAIS

As especialidades farmacéuticas e efectos e accesorios con cupón precinto que segundo a normativa vixente precisen visado previo a súa dispensación nas oficinas de farmacia, e aqueles medicamentos e efectos e accesorios desprovistos de cupón precinto que se determinen, só serán dispensados con cargo ó Servizo Galego de Saúde cando presenten este requisito. O devandito visado realizarase segundo o disposto no Decreto 244/2003, do 24 de abril, de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica.

A homologación sanitaria formalizarase facéndose constar na receita: a identificación do farmacéutico homologador e a súa sinatura, data de homologación, número de envases autorizados e os demais datos que, por resolución da División de Farmacia e Produtos Sanitarios, se determinen.

A data de homologación será sempre posterior ou igual á data de prescrición. Non se homologarán receitas co prazo de validez esgotado.

As receitas caducarán aos dez días naturais contados a partir da data de homologación, agás no suposto das receitas de extractos hiposensibilizantes e vacinas bacterianas preparadas individualmente, nos que, polas súas especiais características, terán un prazo de validez de sesenta días.

O Servizo Galego de Saúde poderá establecer con carácter especial, logo de informe á Comisión Autonómica Central, a homologación sanitaria de receitas ou outro tipo de medidas de control de natureza similar para a dispensación farmacéutica.

O Servizo Galego de Saúde comunicarlle a medida adoptada á Organización Farmacéutica Colexial, coa antelación suficiente para a súa eficaz implantación.

As receitas que dispoñan de visado efectuado noutras Comunidades Autónomas, para seren facturables, deberán dispor polo menos da identificación da persoa autorizada para a formalización do visado, a súa sinatura, a data e o selo ou etiqueta correspondente.

## 9. VALIDEZ DAS RECEITAS

Serán validas para a súa dispensación polas oficinas de farmacia e posterior facturación para os efectos do seu pagamento polo Servizo Galego de Saúde, aquelas receitas oficiais do Sistema Nacional de Saúde que cumpran os requisitos establecidos regulamentariamente neste concerto.

### 1. Prazo de validez

Con carácter xeral, as receitas terán un prazo de validez de dez días naturais, contados a partir da data de prescrición nelas consignada ou, se é o caso, da homologación sanitaria, agás no suposto das receitas de vacinas antialérxicas –extractos hiposensibilizantes– e vacinas bacterianas preparados individualmente, nos que, polas súas especiais características, este prazo se amplía a sesenta días.

Excepcionalmente, para os casos de refacturación de receitas expresamente recollidos neste anexo, establécese un prazo adicional de sesenta días, contados desde o día seguinte da devolución realizada polo Servizo Galego de Saúde. Pasado o devandito prazo, non poderán ser facturadas de novo.

### 2. Causas de devolución das receitas

#### A. NULIDADE TOTAL

O Servizo Galego de Saúde rexeitará para os efectos do seu pagamento, e polo tanto, non aboará aquelas receitas que foron dispensadas ao seu

cargo e nas que se produza algunha das circunstancias relacionadas a continuación:

1. Receitas nas que se acredite documentalmente a súa falsidade.
2. Receitas dispensadas despois do seu prazo de validez, coas excepcións sinaladas no punto 9.1.
3. Receitas sen o correspondente cupón-precinto, ou sen xustificante da dispensación nos produtos que carezan de cupón-precinto, agás nos supostos no que se comprobe existencia de imposibilidade material.
4. Receitas con falta de coincidencia entre o cupón precinto do produto dispensado e o prescrito, agás en supostos de substitución autorizados de conformidade coa normativa vixente e neste concerto, ou naqueles casos en que, téndose producido intercambio dos cupóns-precinto das receitas dunha oficina de farmacia, se observe coincidencia entre prescrición e dispensación.
5. Receitas nas que se prescriban fórmulas maxistrais que non se axusten ao establecido no correspondente anexo.
6. Receitas que, precisando a correspondente homologación sanitaria previa á dispensación, non a leven.
7. Receitas con ausencia dalgún datos de consignación obrigatoria relativos a:
  - a) *Prescritor*: nome ou a súa inicial e/ou apelido ou apelidos, número de identificación, sinatura e data de prescrición.
  - b) *Prescrición do medicamento ou produto sanitario*, agás nos casos previstos no apartado a) do punto 7.6 do presente anexo.
8. Receitas con engadidos, emendas ou borranchos nos seguintes datos:
  - a) *Medicamento ou produto sanitario prescrito*, agás aqueles que non impidan a súa inequívoca identificación.
  - b) *Data de prescrición*, agás aqueles que non afecten á correcta prescrición e dispensación da receita dentro dos prazos de validez dela.
Cloroformo			OX	0,0120
Dextrina branca				0,4200
Dibutil ftalato				0,0150
Dimetil acetamida			O	0,4640
Dimetil formamida				0,0166
Dimetilsulfóxido			OX	0,0320
Eosina (rojo DYC 22)				0,3880
Escualeno				0,0700
Esencia de anís			X	0,1262
Esencia de azar			X	0,0499
Esencia de camomila			X	0,2085
Esencia de canela				0,0382
Esencia de cidra			X	0,1008
Esencia de espliego			X	0,0490
Esencia de eucalipto			X	0,0411
Esencia de xasmín				0,0561

ANEXO B. FÓRMULAS MAXISTRAS E PREPARADOS OFICINAIS

Nome	Comentario	Vía	Envase	€/gramo
Esencia de lavanda			X	0,0713
Esencia de limón			X	0,0450
Esencia de menta			X	0,1951
Esencia de laranxa			X	0,0336
Esencia de piñeiro			X	0,1078
Esencia de romeiro			X	0,1080
Esencia de rosas			X	0,0520
Esencia de vainilla artificial				0,0478
Esperma de balea				0,0178
Espesamida 397				0,0104
Esteárico, ácido				0,0078
Estearina pura				0,0078
Estearina triple presión				0,0078
Ester decílico do ácido oleico				0,0100
Eter etílico			OX	0,0115
Eter sulfúrico			OX	0,0115
Etilenglicol monometileter			O	0,0446
Etilo, acetato				0,0449
Etilo, lactato				0,0471
Eucaliptol			X	0,0440
Eucalipto, extracto fluido			X	0,0450
Eucalipto, tintura			X	0,0243
Eudragit L				0,0462
Euxenol			X	0,0624
Eutanol G				0,0144
Extracto fluido de chantaxe				0,0460
Factor hidratante natural				0,0358
Fécula de arroz				0,0198
Fécula de millo				0,0066
Fécula de pataca				0,0066
Fécula de trigo	Excipiente de declaración obrigatoria			0,0132
Fénico, ácido			OX	0,0231
Fenol			OX	0,0231
Fenonip				0,0514
Fenoxietanol mas parabenos				0,0514
Formaldehído				0,0033
Fosfórico, ácido 85%			O	0,0082
Fructosa				0,0079
Ftálico, ácido				0,1120

CONCERTO PARA A PRESTACIÓN FARMACÉUTICA POLAS OFICINAS DE FARMACIA

Nome	Comentario	Vía	Envase	€/gramo
Fucsina ácida				3,1853
Fucsina básica				0,8456
Xelatina				0,0247
Xelatina granulada				0,0141
Glutámico, ácido		vs	X	0,2190
Glytan 73 plastibase				0,0182
Goma arabiga, gran				0,0143
Goma arabiga, po				0,0147
Goma de tragacanto				0,0480
Goma laca				0,0401
Gránulos neutros	Forma diffucaps			0,0364
Gránulos neutros	Forma microcaps			0,0280
Hidrovitón				0,0504
Hidroxipropilmetilcelulosa				0,0404
Ferro, óxido amarelo			X	0,0196
Ferro, óxido vermello			X	0,0550
Imidazol, undecilinato				0,1223
Isopropilo, miristato				0,0131
Xarope simple				0,0136
Láctico, ácido			O	0,0164
Lactosa	Excipiente de declaración obrigatoria			0,0066
Lanhidrol				0,0212
Lanolina acetilada				0,0447
Lanolina anhidra				0,0155
Lanolina hidroxenada				0,0212
Lanolina oxietilenada				0,0154
Lauril sulfato sódico	Cando se formule con betaína, só poderá asociarse a ketoconazol ou benzoilo peróxido			0,0295
Lecitina de ovo			X	1,7640
Magnesio aluminio, silicato				0,0505
Magnesio, estearato				0,0087
Magnesio, sulfato cristal				0,0095
Maltosa				0,3482
Manteiga de cacao				0,0192
Masa esteárica B			X	0,0223
Masa estearinum B			X	0,0223
Masa para supositorios			X	0,0223
Menta, aceite			X	0,2730
Menta, esencia			X	0,2731
Mentol				0,0821
Mertiolato sódico			X	1,5652
Metilcelulosa				0,0336

ANEXO B. FÓRMULAS MAXISTRAS E PREPARADOS OFICINAIS

Nome	Comentario	Vía	Envase	€/gramo
Metilglicol				0,0624
Metiliden				0,0295
Metilparaben sódico				0,0375
Metiltionina, cloruro	Como principio activo só vía sistémica			0,3758
Mel rosado				0,0379
Miristato de isopropilo				0,1666
Monoestearato de glicerina Autoemulsionable				0,0142
Monoetilenglicol			O	0,0624
Myritol 318				0,0250
Laranxas amargas, extracto fluido				0,0379
Neo-PCL O/W				0,0393
Neo-PCL W/O				0,0394
Nipagín sódico				0,0375
Nipasol sódico				0,0505
Octil dodecanol				0,0202
Oleico, ácido			X	0,0144
Orabase				0,0241
Palmitato de isopropilo				0,0168
Parafina				0,0106
Parafina branda				0,0056
Parafina líquida			X	0,0032
Parafina sólida				0,0106
Peptona				0,3346
Perhidroescualeno				0,0900
Plastibase				0,0167
Polietilenglicol 1.000				0,0801
Polietilenglicol 1.000 monocetileter				0,1422
Polietilenglicol 1.500				0,0669
Polietilenglicol 400				0,0081
Polietilenglicol 400, estearato				1,2880
Polietilenglicol 4.000				0,0072
Polietilenglicol 600				0,0638
Polioxietilen lauril eter				0,2744
Polisorbato 20			X	0,0155
Polisorbato 40				0,0280
Polisorbato 60			X	0,0157
Polisorbato 80			X	0,0149
Polivinilpirrolidona				0,0584
Potasio, bifosfato				0,0196



CONCERTO PARA A PRESTACIÓN FARMACÉUTICA POLAS OFICINAS DE FARMACIA

Nome	Comentario	Vía	Envase	€/gramo
Potasio, carbonato				0,0164
Potasio, fosfato				0,0319
Potasio, sorbato			X	0,0215
Povidona				1,1928
Propilenglicol				0,0105
Propilenglicol, monoestearato				0,0321
Propilgalato			X	0,1338
Propilparaben				0,1043
Quilaya, tintura			X	0,0505
Regalicia, po			X	0,0175
Resina de colofonia				0,0111
Rosanilina				0,6272
Sacarina sódica				0,0182
Sacarosa				0,0266
Siena, terra queimada				0,0420
Silicato aluminico magnésico				0,0505
Silice coloidal microcristalina				0,0350
Silicona fluida				0,0237
Sodio, acetato				0,0067
Sodio, benzoato				0,0090
Sodio, bisulfito	Excipiente de declaración obrigatoria			0,0152
Sodio, carbonato cristal				0,0122
Sodio, carbonato po				0,0079
Sodio, cloruro				0,0059
Sodio, hidróxido				0,0094
Sodio, lactato				0,0117
Sodio, sulfato anhidro				0,0060
Sodio, sulfato cristal				0,0072
Sodio, sulfito	Excipiente de declaración obrigatoria			0,0152
Sórbico, ácido			X	0,0240
Sorbitán, monoestearato				0,0170
Sorbitán, monolaurato				0,0261
Sorbitán, monooleato				0,0108
Sorbitán, monopalmitato				0,0240
Sorbitol líquido				0,0049
Sorbitol, po				0,0074
Span 20				0,0261
Span 40				0,0240
Span 60				0,0170
Span 80				0,0108

ANEXO B. FÓRMULAS MAXISTRAS E PREPARADOS OFICINAIS

Nome	Comentario	Vía	Envase	€/gramo
Sulfúrico, ácido			O	0,0052
Tagat-L				0,0153
Talco				0,0017
Tartárico, ácido cristal				0,0136
Tartárico, ácido po				0,0138
Tartrato sódico potásico				0,0462
Tartrazina (CI=19140)	Excipiente de declaración obrigatoria			0,3000
Timerosal			X	1,2600
Timol			X	0,0414
Tiomersal			X	1,2600
Titanio, óxido				0,0132
Tocoferol, acetato	Como principio activo só monofármaco			01190
Tocoferol, succinato	Como principio activo só monofármaco		X	2,8000
Tolueno			O	0,0128
Triamtereno			X	0,3209
Trietanolamina			X	0,0094
Triglicéridos dos ác. grasos caproico-caprílico-cáprico				0,0119
Trolamina			X	0,0094
Tween 20			X	0,0111
Tween 40				0,0200
Tween 60			X	0,0112
Tween 80			X	0,0122
Urea				0,0050
Vaselina filante			X	0,0056
Vaselina líquida			X	0,0032
Veegum				0,0410
Xileno			O	0,0245
Xilol			O	0,0250
Zinc, carbonato				0,0180
Zinc, estearato				0,0100
Zinc, óxido				0,0060

## **Anexo C.**

### **Procedemento de facturación**

A facturación de receitas con cargo ao Servizo Galego de Saúde realizárase segundo o procedemento indicado neste anexo e efectuarase a través do seu tratamento informático.

O custo da facturación de receitas, tal como se vén realizando á entrada en vigor deste concerto, será asumido integramente polos Colexios Oficiais de Farmacéuticos. Calquera novo suposto poderá ser concertado.

#### **1. NORMAS PREVIAS Á FACTURACIÓN**

As oficinas de farmacia colocarán no lugar reservado para tal fin o cupón ou cupóns-precinto cando se trate de especialidades farmacéuticas, ou efectos e accesorios provistos del. Nos demais casos colocárase no devandito lugar unha etiqueta autoadhesiva ou un selo (modelo anexo I) facilitado pola administración para distingui-los seguintes casos:

##### **CÓDIGO**

---

500017	Fórmulas maxistrais e preparados oficinais.
500009	Vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas.

---

Tanto o cupón-precinto como a etiqueta autoadhesiva ou selo colocaranse de forma que se permita a súa lexibilidade e se impida o seu desprendemento na manipulación normal.

Na etiqueta autoadhesiva ou selo consignarase obrigatoriamente e de forma lexible o prezo de venda ao público do produto dispensado.

## 2. PROCESO DE FACTURACIÓN

O proceso de facturación será único e uniforme para tódalas provincias. Realizarase polos Colexios Oficiais de Farmacéuticos provinciais, ben por medios propios ou concertados.

### 2.1. Toma de datos

Os datos a gravar a partir das receitas e que son considerados necesarios para o proceso de facturación e un correcto control da prestación farmacéutica, son:

1. Provincia (2 díxitos).
2. Mes (2 díxitos) e ano (4 díxitos).
3. Datos de identificación do medicamento ou efecto e accesorio prescrito.
4. Data de prescrición, formato AAAAMMDD (8 díxitos).
5. Número de colexiado do prescriptor (12 díxitos): provincia de acollida (2), provincia de traslado (2), provincia de colexiación (2) e médico (6).
6. Código numérico persoal (CNP) do prescriptor.
7. Datos de identificación do paciente: CIP.
8. Número de farmacia (4 díxitos) e paquete (4 díxitos).
9. Código nacional do medicamento, efecto ou accesorio dispensado ou código da etiqueta autoadhesiva ou do selo segundo o caso (6 díxitos).
10. Número de envases (1 díxito).
11. Prezo de venda ao público (7 díxitos).
12. Data de dispensación, formato AAAAMMDD (8 díxitos).
13. Grupo de receita (1 díxito).
14. Continxente de facturación (1 díxito).
15. Identificador da receita C.B. Code -39 (12 díxitos).
16. Tipo de contribución (1 díxito).

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos non procederán á gravación dos datos de identificación do medicamento ou efecto e accesorio prescrito (punto 3) e a data de prescrición (punto 4), até que as receitas leven este

dato incorporado dende a súa prescrición nun formato adecuado para realiza-la dita gravación mediante lectura automatizada.

Mentres o Servizo Galego de Saúde non poña en marcha a identificación dos prescritores mediante o código numérico persoal (CNP) (punto 6), a gravación do dato do prescriptor para os efectos de facturación será ó número de colexiado (punto 5).

A gravación dos datos de identificación do paciente (punto 7) e a data de dispensación (punto 12), realizarase segundo o acordado pola comisión técnica creada para tal fin, ao abeiro do disposto na cláusula adicional primeira deste concerto.

Se houbera modificación do xeito de consignación dalgún dos datos da receita, o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos estudarán a posibilidade de gravar outro tipo de datos que se consideren necesarios.

O custo da facturación de receitas ao Servizo Galego de Saúde cargárase mensualmente nas liquidacións ás oficinas de farmacia por parte dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de cada provincia onde estea situada a devandita farmacia.

## **2.2. Confección do soporte informático de facturación**

Os datos consignados no punto 2.1. gravaranse en soporte informático separando os correspondentes a receitas de especialidades con cupón-precinto, dos procedentes de receitas de efectos e accesorios e das provistas de etiqueta autoadhesiva ou selo (fórmulas maxistrais e preparados oficiais; vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas).

Neste sentido, gravaranse arquivos diferenciados que se identificarán coas lendas “especialidades”, “fórmulas e extractos” e “efectos e outros”. Cada un deles incluírá o mes e a provincia á que corresponde a facturación, así coma o número de rexistros que contén.

Así mesmo, no arquivo de “efectos e outros”, deberá crearse un arquivo diferenciado (AIU-TCG-AM), que incluírá a información correspondente á gravación dos datos das receitas de “absorbentes de incontinencia urinaria”, “tiras reactivas de control de glicemia” e “alimentos-medicamentos”.

Para efectos de facturación os distintos grupos de receitas codificaranse do seguinte xeito:

DÍXITO	GRUPO
1	Traballadores Activos (Receita ordinaria)
2	Pensionistas (Receita ordinaria)
3	Accidentes de traballo
6	Minusválidos
7	Campañas sanitarias
8	Síndrome tóxico
9	Outros

Pola súa parte os CONTINXENTES de facturación codifícanse da seguinte maneira:

1. Especialidades Farmacéuticas.
2. Efectos e accesorios.
3. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais.
4. Homologación sanitaria e/ou visado.
5. Financiamento selectivo (RD 1663/98).

Coa finalidade de poder levar a cabo as comprobacións oportunas, a Administración facilitaralle semestralmente aos Colexios Oficiais de Farmacéuticos, a información do Nomenclátor Oficial cos prezos actualizados e mensualmente os listados de actualización.

### 2.3. Confección das facturas

Coa información obtida das receitas, ademais de gravala en soporte informático, que se utilizará como instrumento de control do proceso, confeccionaranse mensualmente as facturas de receitas que servirán como documento para a formalización do pago.

### 2.4. Período de facturación

A facturación realizarase por meses naturais e cada Colexio Oficial de Farmacéuticos pechará a súa facturación o último día do mes, para todos os continxentes da facturación.

### 2.5. Clases de facturas

Confeccionaranse tres clases de facturas:

1. Factura individual por farmacia (anexo II).

2. Factura resumo provincial (anexo III).
3. Factura resumo xeral (anexo IV).

#### **2.5.1. FACTURA INDIVIDUAL POR FARMACIA**

Confecionarase unha factura individual por separado para cada un dos seguintes grupos:

- Traballadores activos.
- Pensionistas.
- Accidentes de traballo.
- Outros (campañas sanitarias, síndrome tóxico).

Dentro de cada grupo, facturaránse por separado:

1. Recetas de especialidades farmacéuticas.
2. Recetas de efectos e accesorios.
3. Fórmulas maxistrais e preparados oficinais.
4. Vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas.
5. Alimentos-medicamento.
6. Financiamento selectivo (RD 1663/98).

Tódalas recetas con homologación sanitaria e/ou visado, vaian provistas ou non de cupón-precinto, facturaránse e entregaránse dentro do grupo que lle corresponda procurando colocalas ao final do grupo, en paquete á parte, segundo se trate de especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, preparados oficinais, vacinas antialérxicas individualizadas, vacinas individualizadas bacterianas e efectos e accesorios. Os absorbentes de incontinencia urinaria, tiras reactivas de control de glicemia e medias elásticas terapéuticas de compresión normal se facturarán xunto coas do resto de efectos e accesorios, procurando así mesmo colocalas ao final do grupo, en paquete á parte.

Nas facturas individuais por farmacias (anexo II), correspondentes a cada clase de dispensación, relacionaránse tódalas recetas consignando a clave do cupón-precinto, o código de etiqueta autoadhesiva ou selo, se é o caso, e o importe a PVP (IVE), así como as sumas por cada dous paquetes de 25 recetas. O número de paquete será incluído na factura, antepoñéndose á lista da serie de recetas que comprenda aquel. Sinalaránse as

especialidades e efectos e accesorios de contribución reducida a que se refire a normativa vixente cun asterisco na posición anterior á primeira cifra da clave da especialidade.

Ao final de cada factura individual consignarase o número de receitas facturadas, o seu importe a PVP (IVE), a suma das contribucións e o líquido resultante.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos poderán presentar as devanditas facturas individuais en soporte informático, previo acordo con cada unha das Direccións Provinciais correspondentes.

#### **2.5.2. FACTURA RESUMO PROVINCIAL**

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos recollerán os totais das facturas individuais para cada clase de dispensación nunha factura resumo provincial, segundo o formato que figura adxunto (anexo III), e confeccionarán unha factura resumo por cada clase de dispensación e por cada grupo.

#### **2.5.3. FACTURA RESUMO XERAL**

Cos totais das facturas resumo provinciais, confeccionarase a factura xeral (anexo IV).

### **3. PRESENTACIÓN DA FACTURACIÓN**

#### **3.1. Presentación das receitas**

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos presentarán as receitas amparadas polas correspondentes facturas individuais de cada oficina de farmacia (anexo II), antes do día 30 do mes seguinte ao que corresponda a facturación, se ben se comprometen formalmente a adianta-la entrega das mesmas cando tecnicamente sexa posible.

A presentación das receitas efectuarase nos locais que designen as Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde e que radicarán na mesma cidade que a devandita Dirección Provincial ou concello limítrofe, onde, en presenza da representación do Colexio, se levantará a correspondente acta de recepción (anexo VIII).



Presentaranse por separado:

1. Receitas de especialidades farmacéuticas de traballadores activos e pensionistas.
2. Receitas de efectos e accesorios de traballadores activos e pensionistas.
3. Receitas provistas de etiqueta autoadhesiva ou selo e receitas con cupón precinto e homologación sanitaria e/ou visado, de acordo co establecido no punto 2.5.1. deste anexo.
4. Receitas de campañas sanitarias.
5. Receitas de síndrome tóxico.
6. Receitas de accidentes de traballo.
7. Receitas do financiamento selectivo (RD 1663/98).

As receitas de especialidades farmacéuticas presentaranse por separado e ordenadas para cada oficina de farmacia en envases especialmente acondicionados para conter 1000 receitas, unidas por grupos de 25 e de xeito que non poidan desordenarse en relación coa factura e procurando o aproveitamento íntegro da capacidade das caixas correspondentes a cada oficina de farmacia.

En cada unha das caixas as receitas de traballadores activos deberán ir separadas das de pensionistas.

As caixas rotuladas en cor negra e con caracteres de gran tamaño perfectamente lexibles conterán a seguinte información:

**ESPECIALIDADES**

Provincia _____	Mes de facturación _____
Nº de farmacia _____	Nº de caixa _____
Paquetes ACTIVO	do nº _____ ao nº _____
Paquetes PENSIONISTA	do nº _____ ao nº _____

Na derradeira caixa de cada oficina de farmacia xunto ao nº de orde que lle corresponda consignarase a indicación “FINAL”.

Mediante os adecuados procedementos de precintado e embalaxe, os Colexios Oficiais de Farmacéuticos garantirán a plena coincidencia entre o contido das caixas e a información reflectida nas etiquetas.

As receitas correspondentes ás restantes clases de dispensación presentaranse separadas entre si e do seguinte xeito:

No caso de receitas de efectos e accesorios, de fórmulas maxistrais e preparados oficinais e de vacinas antialérxicas individualizadas e vacinas individualizadas bacterianas, presentaranse conxuntamente as correspondentes a tódalas oficinas de farmacia da provincia e ordenadas correlativamente polo seu número, separando as receitas de activos das de pensionistas.

No caso de síndrome tóxico, campañas sanitarias e accidentes de traballo non haberá separación de grupos.

Todas estas receitas presentaranse así mesmo unidas en grupos de 25 e de xeito que non poidan desordenarse en relación coa factura.

As caixas que conteñan as receitas correspondentes a cada modalidade de dispensación levarán rotulados os números das oficinas de farmacia que inclúen, o mes a que corresponda a facturación, o número da orde da caixa dentro do devandito mes, consignando na última ademais a indicación “FINAL”.

En tódalas caixas deberá especificarse a modalidade de dispensación que contén (efectos e accesorios, receitas con etiqueta autoadhesiva ou selo, accidentes de traballo,...).

### **3.2. Presentación das facturas**

As facturas resumo (anexos III y IV), presentaranse na Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde dentro dos dez primeiros días do mes seguinte a aquel ao que se refiren. Se o día dez non fora hábil, entenderase como día de entrega o seguinte día hábil.

### **3.3. Presentación dos soportes informáticos**

Antes do día 25 do mes seguinte a aquel ao que corresponde a facturación, os Colexios Oficiais de Farmacéuticos entregarán os soportes informáticos de facturación correspondentes, nas dependencias designadas polo Servizo Galego de Saúde, se ben os Colexios Oficiais de Farmacéuticos tratarán de adiantar este prazo para facer coincidi-la entrega de soportes e facturas.

#### **3.3.1. DEVOLUCIÓN DOS SOPORTES INFORMÁTICOS**

Unha vez analizada a información contida nos soportes informáticos, devolveranse as que teñan deficiencias técnicas que impidan o seu tratamento

informático e as que presenten diferenzas co total da factura resumo superiores a dezaoito euros. Este criterio aplicarase por separado tanto ás facturación de especialidades farmacéuticas, como ás de efectos e accesorios, e receitas provistas de etiqueta ou selo.

A devolución dos soportes informáticos incorrectos recibidos até o día 25 efectuarase até o día 5 do mes seguinte. As recibidas despois do día 25 devolveranse dez días despois da súa recepción.

Con obxecto de garantir unha correcta gravación de tódolos datos recollidos no parágrafo 2.1, os Colexios Oficiais de Farmacéuticos adaptaranse ao establecido no apartado 5 do presente anexo.

Se as Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde comprobaran na facturación a falta de concordancia entre os datos que constan na receita e os gravados no soporte informático, debido a erros de dixitación, notificará-selle á Comisión Autonómica Central que poderá acordar, en caso de erros en tres facturacións consecutivas ou cinco alternas, devolver ao Colexio Oficial de Farmacéuticos correspondente os mencionados soportes informáticos para emenda-los erros detectados, acompañándose das correspondentes receitas.

Cando un soporte informático presente por segunda vez deficiencias técnicas, procederase así mesmo á súa devolución, antes do día 15 do mes seguinte ao da presentación da factura.

## 4. REVISIÓN DA FACTURACIÓN

### 4.1. Revisión de receitas

O Servizo Galego de Saúde comprobará a facturación presentada polos respectivos Colexios Oficiais de Farmacéuticos, e as diferenzas polas causas de nulidade tipificadas neste concerto que poidan xurdir como resultado desta comprobación determinaranse a nivel de oficina de farmacia e comunicaránselle ao respectivo Colexio dentro dos tres meses seguintes ao da ultimación da entrega de receitas e facturas individuais (anexo II).

Os Colexios disporán do mesmo período para por en coñecemento das correspondentes Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde os posibles erros detectados na facturación.

#### **4.1.1. PROCEDEMENTO DE DEVOLUCIÓN**

Para efectos de devolución, diferenciaranse as receitas incursas en causa de nulidade total (T), nulidade da marxe de beneficio profesional (M), nulidade parcial (P) e nulidade refacturable (R).

##### *4.1.1.1. Nulidade total*

As receitas incursas en causa de nulidade absoluta serán carimbadas coa lenda “NULA TOTAL”, coa que se inutilizará tanto a receita como os cupóns-precinto, etiquetas autoadhesivas ou selos.

Os orixinais das receitas quedarán en poder do Servizo Galego de Saúde, enviándose fotocopia de anverso e reverso selada e compulsada ao Colexio provincial.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos terán acceso a esta documentación e poderán solicitar vista dos orixinais das devanditas receitas.

##### *4.1.1.2. Nulidade da marxe de beneficio profesional*

Procederase da mesma maneira que para as receitas incursas en causa de nulidade absoluta, carimbando as receitas coa lenda “NULA MARXE”.

Nas receitas incursas neste tipo de devolución, tanto de especialidades farmacéuticas como de efectos e accesorios e produtos sanitarios, o Servizo Galego de Saúde descontará ao PVP facturado segundo o Nomenclátor Oficial, a marxe de beneficio profesional legalmente establecido para as dispensacións ao público de especialidades farmacéuticos de uso humano.

Nas receitas de fórmulas maxistras descontarase a parte correspondente aos honorarios profesionais facturados pola oficina de farmacia e aboados polo Servizo Galego de Saúde.

##### *4.1.1.3. Nulidade parcial*

Procederase do mesmo xeito que para as receitas incursas en nulidade absoluta (4.1.1.1.), carimbándose nestes casos a lenda “NULA PARCIAL”.

##### *4.1.1.4. Nulidade refacturable*

As receitas incursas en nulidade absoluta, susceptibles de ser refacturadas, serán carimbadas coa lenda “NULA REFACTURABLE”.

Os orixinais enviaranse ao Colexio Oficial de Farmacéuticos para a súa refacturación, quedando fotocopia do anverso e reverso en poder da Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde para a súa posterior comprobación.

Unha vez corrixidas as deficiencias que ocasionaron a súa devolución e dentro do prazo establecido no anexo A, serán remitidas á Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde con nota do cargo que, unha vez feitas as comprobacións oportunas, procederá ao seu abonamento na vindeira factura.

#### *4.1.1.5. Erros de facturación*

Os erros de facturación que afecten ao importe da facturación serán corrixidos mediante notas de cargo ou abono, segundo proceda, unha vez efectuadas as oportunas comprobacións e acreditando documentalmente o erro.

A correspondente Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde comunicarlle as diferenzas observadas ao respectivo Colexio Oficial de Farmacéuticos provincial, remitíndolle conxuntamente coas fotocopias das receitas incursas en causa de nulidade total, da marxe, parcial ou refacturable os modelos dos anexos V e VI.

#### **4.1.2. TRAMITACIÓN DAS DIFERENCIAS DETECTADAS**

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos poderán obxectar as diferenzas detectadas no prazo máximo de quince días a partir do seu coñecemento, para o cal designarán os representantes que estimen oportunos co fin de que, en unión dos correspondentes da Dirección Provincial, efectúen a comprobación das facturas e das receitas afectadas.

O importe das diferenzas que resulten das receitas que a xuízo deste grupo de traballo estean incursas nalgunha das causas de nulidade previstas neste concerto ou resulten de erros de facturación detectados por calquera das partes será aboado ou deducido pola Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde na primeira facturación que lle sexa presentada polo Colexio Oficial de Farmacéuticos, podendo aprazarse á segunda facturación cando a tramitación administrativa da documentación puidera provocar atrasos nos prazos establecidos para o pagamento da factura mensual.

Aquelas receitas nas que existan discrepancias serán sometidas á consideración da Comisión Provincial de Farmacia (anexo VII), que haberá de

ditaminar na primeira sesión que celebre desde a data en que se puxeran en evidencia tales discrepancias. O ditame da Comisión será efectivo desde a data da súa celebración, procedéndose a efectuar los correspondentes cargos e aboamentos das receitas na vindeira facturación, independentemente de que se eleven as discrepancias á Comisión Autonómica Central que emitirá o seu informe inescusablemente nun prazo máximo de seis meses desde a súa recepción na secretaría desta Comisión. En caso de exceder dese prazo, aboaranse os xuros legais do Banco de España cando a resolución resulte favorable ó farmacéutico, computados desde a data de retención do seu importe.

Cando o criterio defendido polos Colexios Oficiais de Farmacéuticos fóra aceptado en todo ou en parte pola Comisión Autonómica Central, a Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde procederá a aboalas receitas en litixio na seguinte facturación cos xuros correspondentes, se procede, segundo o especificado no parágrafo anterior.

En tódolos casos os orixinais das receitas devoltas ou as que sexan obxecto de litixio ou discrepancia entre as partes serán arquivadas na Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde por un período mínimo de dous anos contados a partir da data na que se materializa a dedución ou aboamento.

#### **4.1.3. ALEGACIÓNS E RECURSOS**

Naqueles casos en que as oficinas de farmacia non estean conformes coas receitas que lles foron anuladas total ou parcialmente, ben pola Comisión Provincial de Farmacia ou ben pola Comisión Autonómica Central, poderán presentar recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade a través da comisión que ditou a resolución, e a súa Secretaría elevarao acompañado do extracto da acta.

Naqueles outros casos en que o farmacéutico discrepe dos acordos de devolución adoptados polo grupo de traballo, poderá presentalas alegacións que estime convenientes ante a Comisión Provincial que resolverá na primeira sesión que celebre. En caso de discrepancia coa resolución final adoptada, seguiranse os pasos descritos no parágrafo anterior.

#### **4.2. Revisión dos soportes informáticos**

O importe das dispensacións de produtos non incluídos no Nomenclátor Oficial ou facturados a distinto prezo ao que figura no devandito Nomenclátor, unha vez realizadas as comprobacións informáticas pertinentes, deducirase nunha das facturacións seguintes, xuntando en todo caso a Dirección Provincial fotocopia do listado de rexeites das oficinas de farmacia incursas nestes.


Nos casos en que sexa necesario coñece-la data da dispensación para determina-la procedencia ou non da devolución, poderá ser solicitada a presentación da receita ou receitas afectadas con entrega das correspondentes fotocopias.

### **5. CONTROL DE CALIDADE DA FACTURACIÓN**

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos comprométense a velar pola calidade do procedemento de facturación establecido no presente anexo, asumindo, entre outros que desenvolvan a propia iniciativa, a realización sistemática dun control de calidade por mostraxe ao chou, comprobando sobre a mostra, que tódolos datos aos que se fai referencia no punto 2.1. deste anexo foron correctamente gravados, informando ás respectivas Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde dos resultados obtidos para cada período de facturación.

## ANEXOS

### ANEXO I. MODELO DE ETIQUETA AUTOADHESIVA OU SELO



### ANEXO II. SOLICITUDE DE ELABORACIÓN

Factura de (1) \_\_\_\_\_

Grupo (2) \_\_\_\_\_

Farmacia núm. \_\_\_\_\_ D. \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

Recetas	Código Nacional	Núm. Envases	Contribución	PVP
Suma P. V. P. _____				

**RESUMO**

Importe a P.V.P. \_\_\_\_\_

Contribución do traballador \_\_\_\_\_

Líquido a percibir \_\_\_\_\_

Numero total de receitas \_\_\_\_\_

(1) Especialidades farmacéuticas, efectos e accesorios, fórmulas maxistrais e preparados oficinais, vacinas antialérxicas e bacterianas individualizadas,...

(2) Activos, pensionistas, accidentes de traballo, outros.



**ANEXO III.**

Provincia \_\_\_\_\_ Mes \_\_\_\_\_ Ano \_\_\_\_\_

Resumo de facturación (1) \_\_\_\_\_

Grupo (2) \_\_\_\_\_

Farmacia Número	Número de Recetas	Total a PVP (I.V.E.)	Contribución Traballador	Líquido a pagar
Totais _____				

(1) Especialidades farmacéuticas, efectos e accesorios, fórmulas maxistrais e preparados oficinais, vacinas antialérxicas e bacterianas individualizadas,...

(2) Activos, pensionistas, accidentes de traballo, outros.

**ANEXO IV. FACTURA RESUMO TOTAL**

Colexio Oficial de Farmacéuticos de \_\_\_\_\_ Mes \_\_\_\_\_ Ano \_\_\_\_\_

<b>Denominación facturas individuais</b>	<b>Nº Receiptas</b>	<b>Importe facturación PVP (IVE)</b>
1. <i>Especialidades farmacéuticas</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo TOTAL ESP. FARMACÉUTICAS		
2. <i>Fórmulas maxistrais e prep. oficinais</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo TOTAL FÓRMULAS MAXISTRAIS		
3. <i>Vacinas antialérxicas e bacterianas</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo TOTAL VACINAS INDIVIDUALIZADAS		
4. <i>Alimentos-Medicamento</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo TOTAL ALIMENTOS-MEDICAMENTO		
5. <i>Efectos e Accesorios</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo SUBTOTAL 5		
6. <i>Absorbentes de Incontinencia Urinaria</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo SUBTOTAL 6		
7. <i>Tiras Reactivas Control de Glicemia</i> Activos Pensionistas Accidentes de trabajo SUBTOTAL 7 TOTAL EFECTOS E ACCESORIOS (5+6+7)		



ANEXO C. PROCEDEMENTO DE FACTURACIÓN

Denominación facturas individuais	Nº Receiptas	Importe facturación PVP (IVE)
8. <i>Toda a dispensación doutros grupos</i> Síndrome Tóxico _____ Minusválidos _____ Campañas Sanitarias _____ R.D. 1663/98 activos _____ R.D. 1663/98 pensionistas _____ Estatinas R.D. 1348/2003 _____ TOTAL OUTROS GRUPOS		
TOTAL XERAL _____		
DEDUCCIÓN ABSORBENTES DE INCONTINENCIA URINARIA Activos Pensionistas TOTAL DEDUCCIÓN ABSORBENTES <b>IMPORTE A PERCIBIR</b>		

**Polo Colexio Oficial de Farmacéuticos**

C.I.F. \_\_\_\_\_

D. \_\_\_\_\_

Cargo (Representante Legal)

\_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Selo e sinatura do colexiado)

CONCERTO PARA A PRESTACIÓN FARMACÉUTICA POLAS OFICINAS DE FARMACIA

Contribución xeral	Contribución P.R.	Gasto Previo	Desconto RDL 5/2000	Gasto Final

**ANEXO V.**

Provincia \_\_\_\_\_ Farmacia Número \_\_\_\_\_

Diferencias observadas na facturación de receitas do mes de \_\_\_\_\_

Datos Localización Receitas	Importe facturados		Importe comprobados		Clave Causa Diferencia	Obxeccións do COF
	PVP	Contribución	PVP	Contribución		
Totais					Selo e sinatura do COF	
Conceptos	PVP	Contribución	Líquido			
Facturado Comprobado						
Diferencia a favor do _____						

Siglas da columna "Obxección":

- RET: Retirada polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
- PASE A CP: Pase a Comisión Provincial.

**ANEXO VI.**

Provincia \_\_\_\_\_ Facturación do mes de \_\_\_\_\_

**RESUMO DAS DIFERENCIAS ENCONTRADAS NA COMPROBACIÓN**

Farmacia Nº	Diferencia a favor do		Farmacia Nº	Diferencias a favor do	
	SERGAS	COF		SERGAS	COF
Sumas			Sumas		

**ANEXO VII.**

Provincia \_\_\_\_\_ Facturación do mes de \_\_\_\_\_

**RELACIÓN DAS DIFERENCIAS QUE SE SOMETEN AO CRITERIO DA COMISIÓN DE FARMACIA**

Farmacia nº	Localización Receta (nº)	Importe facturados		Importe comprobados		Clave Causa	Criterios Comisión
		PVP	Comprobación	PVP	Comprobación		

Criterios da Comisión Provincial:

- Confirmada.
- Anulada.
- Pase a Comisión Autónoma Central.



## ANEXO VIII. ACTA DE RECEPCIÓN DE RECEITAS

Facturación do mes de \_\_\_\_\_

Número de caixas recibidas _____
De 1.000 receitas _____
Número de caixas revisadas _____
Resultado da revisión _____

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O Xefe da Unidade de Control  
da Prestación Farmacéutica

Conforme:  
Polo COF

.....

.....

### XUSTIFICACIÓN DAS DIFERENCIAS

Conceptos	PVP	Contribución	Líquido
Facturado			
Comprobado			
DIFERENCIAS (1)			

(1) As diferencias calcularanse deducindo as cantidades comprobadas das facturadas. Se o resultado fose positivo indicárase co signo (+) e a cantidade será a favor do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), se aquel fose negativo, indicárase co signo (-) e a cantidade será a favor do Colexio Oficial de Farmacéuticos (COF).

**DILIXENCIA**

O importe líquido das diferencias observadas na comprobación da facturación do mes de \_\_\_\_\_ ascende a:

Euros \_\_\_\_\_ ,  
a favor do \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O Xefe da Unidade de Control  
da Prestación Farmacéutica

Conforme:  
Polo COF

.....

.....

**DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN-CONTABILIDADE**

Contabilizado o \_\_\_\_\_

O Xefe de Departamento,

.....

## **Anexo D.**

### **Procedemento de pagamento**

#### **PRIMEIRO**

As facturas resumo mensuais (anexos III e IV do anexo de facturación), presentaranse nas Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde, dentro dos dez primeiros días do mes seguinte que se refiren a elas ou no día seguinte hábil no caso de que o día dez sexa sábado ou festivo.

Só en casos excepcionais e plenamente xustificados, admitiranse atrasos na súa presentación, que loxicamente transcenderán en igual medida no seu pagamento, xa que doutro xeito estas facturas serían incluídas no proceso do mes seguinte.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos notificaranlle por Fax mensualmente á División de Farmacia e Produtos Sanitarios do Servizo Galego de Saúde o día de presentación da súa respectiva factura resumo mensual na Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde e o importe ao que ascende esta.

#### **SEGUNDO**

A entidade pagadora, entre o 15 e o 20 de cada mes, cursará ordes de transferencia para o aboamento a cada Colexio provincial da súa correspondente factura, na conta que sinalaron estes, sempre que se recibiran en tempo e forma e resulten validados os correspondentes documentos orzamentarios, comunicando a data de devandita orde aos Colexios Oficiais de Farmacéuticos.

Excepcionalmente se motivos xustificados non permitiran o abono na data prevista da facturación correspondente a finais dun exercicio, poderían modificarse as datas previstas no parágrafo anterior.

No caso anterior, o Servizo Galego de Saúde subvencionará as obrigas económicas derivadas dos custos financeiros no que puideran incurrer os Colexios Oficiais de Farmacéuticos como consecuencia da asunción do abono do importe aprazado ás diferentes oficinas de farmacia. Por iso deberán concretarse, mediante acordo, as condicións financeiras de tipo máximo aplicable e prazo que sexan de aplicación, así como a documentación xustificativa que deberá ser presentada. O prazo máximo será de dous meses a contar desde a data en que debía aboarse o importe de cada facturación.

En calquera caso, os Colexios Oficiais de Farmacéuticos manterán a intermediación na xestión do pago ás diferentes oficinas de farmacia nas condicións recollidas no presente convenio.

Coa excepción das subvencións dos custos financeiros que serán subvencionados de acordo co recollido neste apartado, non procederá a reclamación de intereses de demora, nin de forma agrupada nin individualizada por oficinas de farmacia, polas obrigas establecidas no presente convenio.

## TERCEIRO

O pagamento da factura resumo entenderase realizado a conta, estando polo tanto, a resultas dos importes que se obteñan do tratamento e comprobacións da información das receitas e dos soportes magnéticos de facturación que constitúen os xustificantes de pagamento, na forma e condicións dispostas no anexo C de facturación.

Os soportes magnéticos teñen a consideración de elemento técnico equivalente á factura, e imprescindible para a comprobación dela nos termos establecidos no apartado 3.3 do anexo C.

O pagamento das facturas queda, por tanto, condicionado á comprobación que posteriormente se faga das receitas ao Servizo Galego de Saúde e dos soportes magnéticos de facturación que constitúen os xustificantes de pagamento.

## CUARTO

Cando se reciban os soportes informáticos dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos no centro de informática sen defectos nin diferenzas despois do día 25, sufrirán demora no pagamento da súa vindeira factura resumo mensual.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos que envíen os soportes magnéticos correctos cunha demora de até 15 días naturais cobrarán a súa vindeira factura o último día do mes en que lles correspondía percibila. Se a demora fose superior a este prazo, o seu pagamento efectuarase o día 20 do mes seguinte.

Cando os anteditos Colexios envíen cintas incorrectas e as reenvíen correctamente rectificadas despois da data límite marcada, procederase do seguinte xeito:

O Servizo Galego de Saúde poderá atrasa-lo aboamento da seguinte factura que teñen que presenta-los Colexios Oficiais de Farmacéuticos, afectando este atraso ao tipo de dispensación que orixinou as correccións do soporte magnético que foi presentada fóra de prazo, de acordo coas seguintes normas:

- a) Se o soporte informático se presentase dentro dos quince días seguintes ao da data límite para a súa corrección, a parte que vai sufrir-lo atraso aboarase dez días despois da data de aboamento normal das facturas.
- b) No caso de que o soporte informático se presentara transcorridos os quince días seguintes ao da data tope para a súa corrección, o pagamento poderá facerse até 30 días naturais despois da data de aboamento normal das facturas mensuais.



## **Acordo de modificación do prazo de vixencia e efectividade**

En Santiago de Compostela a 30 de setembro de 2004

### **REUNIDOS**

**Dunha parte:** o excelentísimo señor don José Manuel González Álvarez, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e nos Decretos nº 44 e 45/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e, de conformidade co establecido no Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 feito público mediante Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 82 do 30/04/91).

**Doutra parte:** Dona Rosa María Lendoiro Otero, con DNI 32.763.113-G, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, don José Antonio Bouzo Villar con DNI 34.953.148-W, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense, don José Luís Rivas López, con DNI 33.808.641-K, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo e don Luís Alberto Amaro Cendón con DNI 76.806.475-E, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra.

Intervenñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das súas facultades que a cada un deles lle están conferidas.

## EXPOÑEN

1. Que o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra subscribiron con data de hoxe, o convenio de colaboración polo que se concertan as condicións en que as oficinas de farmacia legalmente establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán profesionalmente co Servizo Galego de Saúde, no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde no ámbito extrahospitalario.
2. Que a cláusula décima do antedito convenio de colaboración relativa ao seu prazo de vixencia e efectividade, establece que a data de produción de efectos será o día 1 do mes seguinte ao da súa sinatura.
3. Que en aplicación da precitada cláusula, a entrada en vigor do concerto para a prestación farmacéutica suscrito hoxe é o 1 de outubro de 2004.
4. Considerando que o contido do devandito concerto difire substancialmente do anterior asinado o 4 de outubro de 1999.
5. Considerando que non hai un prazo de tempo razoable para que tódolos implicados dispoñan do texto do concerto e asemade, podan realizala súa execución conforme aos requisitos e condicións da colaboración nel acordadas.

## ACORDAN

1. Que a data de produción de efectos do concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia suscrito o 30 de setembro de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, sexa o 1 de novembro de 2004 en lugar do 1 de outubro de 2004.
2. Que até a data do 1 de novembro de 2004, seguirán vixentes as condicións establecidas polo concerto para a prestación farmacéutica asinado con data do 4 de outubro de 1999.









